



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

C.E.I.P. DE REFOXOS

Loureza, s/n - 36.779 OIA (Pontevedra)
Tel.: 886 11 04 92 - ceip.refoxos@edu.xunta.es
NIF: Q8655445H

Nº Rexistro Saída 25

Data 22-11-2019

Dona Nuria Abuín Carou como directora do CEIP Refoxos de Oia

CERTIFICA que:

- Segundo se desprende das actas das xuntanzas do Claustro e do Consello Escolar celebradas respectivamente os días 12 e 19 de novembro de 2019, estes órganos avaliaron positivamente o Plan de Igualdade adxunto

Por todo iso, APROBA a presente documentación.

Refoxos a 22 de novembro de 2019

A DIRECCIÓN:

Ado.: Nuria Abuín Carou

CEIP DE REFOXOS

Plan de Igualdade

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	2
MARCO LEXISTATIVO	4
PERSOAS DESTINATARIAS	4
AUTOAVALIACIÓN INICIAL.....	5
1. Modelo de centro	5
2. Uso da linguaxe	6
3. Docencia e material educativo.....	7
4. Desenvolvemento persoal do alumnado.....	7
OBXECTIVOS	8
MEDIDAS A LEVAR A CABO EN BASE ÁS COMPETENCIAS CLAVE.....	9
ACTIVIDADES	11
METODOLOXÍA.....	12
AVALIACIÓN	13
ANEXOS	13

INTRODUCCIÓN

Coeducar ou educar en igualdade supón un modelo educativo que se fundamenta no respecto ao principio de igualdade entre mulleres e homes. Este principio debe estar presente en todos os elementos que interveñen no proceso educativo, garantíndose o seu cumprimento tanto nos contidos académicos como na práctica diaria do profesorado e nas relacións entre as persoas que forman parte da comunidade educativa. A través deste modelo prodúcese o recoñecemento das diferenzas que existen entre mulleres e homes e impídese que estas se constitúan na orixe dunhas relacións desiguais e de dominación dun sexo con respecto ao outro. Trátase de educar nunha cultura na que mulleres e homes estean libres das ataduras e influencias que impoñen os mandatos de xénero e que incapacitan ás persoas para o desenvolvemento das súas capacidades en liberdade.

A día de hoxe, o ordenamento xurídico español proclama a igualdade de dereitos entre mulleres e homes no ámbito educativo, desenvolvendo para iso instrumentos que teñen como obxectivo a eliminación dos elementos discriminatorios presentes na sociedade e supeditando a actuación dos poderes públicos ao respecto deste dereito.

Os centros escolares son os lugares onde ten lugar a educación formal e ensínanse e aprenden as competencias básicas establecidas pola lexislación educativa. Pero tamén, os centros educativos son un dos principais lugares de socialización. Mediante a relación coas e os demais, se apreñenden a cultura, os valores, os costumes e tradicións dunha sociedade. Os roles e estereotipos de xénero pasan a formar parte do imaxinario colectivo como unha tradición ou un feito socialmente admitido, como parte da cultura e somos socializadas e socializados neles. A escola coeducativa é un modelo de escola que rompe coa transmisión do imaxinario sexista. Significa educar na igualdade de xénero, de maneira que tanto homes como mulleres sexan alleos aos prexuízos e mandatos de xénero.

O cambio de modelo educativo non é tarefa fácil despois de que o modelo actual está fortemente arraigado socialmente aínda que cada vez son máis as voces que avogan pola coeducación como outra forma de educar á sociedade do futuro. En moitas ocasións, unha vez que se decide actuar xorde unha inquietude, pois o tema é tan amplo e abarca tantos aspectos que nos preguntamos...por onde empezar?.

“DECÁLOGO DA COEDUCACIÓN” DE ELENA SIMÓN EN GUÍA PARA A BOA COEDUCACIÓN DAS NOSAS FILLAS E FILLOS”

1.- A coeducación é a mellor e máis moderna fórmula que coñecemos para que as nenas e os nenos crezan pensando e comprobando que as mulleres e os homes son seres humanos completos e equivalentes, que só se distinguen polos seus órganos sexuais e de reprodución

2.- A coeducación rectifica as aprendizaxes incompletas que antes tiñan homes e mulleres, cos que non podían ser autónomas elas por non poder nin saber gañarse a vida e eles por non saber atender e cubrir as súas propias necesidades cotiás, afectivas e vitais

3.- A coeducación pretende que as nenas e nenos aprendan todo o necesario para coidar e coidarse e para estar en disposición poder gañarse a vida

4.- A coeducación tenta que as nenas e nenos poidan xogar e divertirse con calquera xogo ou entretemento, sen sufrir rexeitamentos, nin elas nin eles

5.- A coeducación procura o respecto aos gustos e necesidades singulares propias e alleas

6.- A coeducación dá oportunidade para as boas relacións e a comunicación satisfactoria, sen abusos por parte de ninguén

7.- A coeducación é garantía de corresponsabilidade e cooperación para terminar cos papeis de mulleres ou de homes en exclusiva e para facer posible un satisfactorio proxecto propio de vida seguindo as calidades persoais

8.- A coeducación prepara para unha vida de relación humana xusta, pacífica e saudable

9.- A coeducación fai máis fácil a elección de estudos, oficios e profesións sen atender ao sexo co que se naceu, senón en base ás calidades e gustos como persoa

10.- A coeducación considera “o feminino” e “o masculino” en igualdade de trato e de condicións, para que o poidan aprender e apreciar tanto as nenas como os nenos.

MARCO LEXISTATIVO

O marco lexislativo actual obriga a introducir a perspectiva de xénero e a velar polo cumprimento do principio de igualdade real entre mulleres e homes no ámbito educativo. Integran este corpus lexislativo, polo que á nosa comunidade autónoma se refire, as seguintes leis:

- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro para a mellora da calidade educativa (BOE do 10 de decembro de 2013).
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (BOE n.º 71 do 23 de marzo).
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e tratamento integral da violencia de xénero (DOG n.º 152 do 7 de agosto). Compromiso coeducativo do equipo directivo e do profesorado
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE n.º 106 do 4 de maio).
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (BOE n.º 313 do 29 de decembro).
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG n.º 149 do 3 de agosto).

PERSOAS DESTINATARIAS

O noso plan de igualdade diríxese a toda a comunidade educativa e por tanto son axentes activos do mesmo:

Profesorado

É axente activo do plan, porque labor educativo é esencial para corrixir os rumbos sociais que manteñen as diferenzas entre sexos; pero ao mesmo tempo son axentes activos pois en si mesmos viven esas diferenzas sociais no seu traballo cotián.

Alumnado

É o axente principal e último a quen dirixirnos toda a comunidade educativa con este plan, pois do que del perciba derivásense os posibles cambios nas súas relacións entre xéneros.

Familias

En moitas ocasións son as transmisoras máis temperás de determinados valores sociais, polo que a súa participación no plan permite transcender os límites do centro educativo.

Persoal non docente

Teñen unha participación destacada no desenvolvemento das actividades educativas e administrativas derivadas, polo que a súa implicación no plan é importante para romper os estereotipos e porque a educación é cousa de toda a comunidade educativa.

AUTOAVALIACIÓN INICIAL

Para saber ata onde podemos chegar, debemos partir dunha avaliación inicial. Para coñecer o punto de partida do noso centro escolar utilizamos cadro de autoavaliación da “Guía para a xestión de proxectos coeducativos” da Xunta de Galicia.

1. Modelo de centro

- a. Comparte o equipo directivo a aposta pola coeducación?

A dirección apoia todos os procesos de intervención coeducativa que se desenvolven no centro.

- b. Como se integran os obxectivos de promoción da igualdade?

Intégranse de forma transversal xa que están presentes en todas as actividades organizadas.

- c. Como se planifican e xestionan os obxectivos de igualdade?

A igualdade é un obxectivo educativo recollido no PEC e demais documentación que rexe o funcionamento do centro.

- d. Como se articula a coeducación no currículo educativo?

Procurase evitar unha visión androcéntrica dos contidos coidando a linguaxe e evitando estereotipos.

- e. Como se identifican as necesidades do centro?

Identifícanse situacións puntuais de discriminación mediante a observación e a escoita directa do alumnado, do profesorado e das familias.

f. Como se desenvolven as intervencións coeducativas?

Realízase sempre que son necesarias e tamén en conmemoración de datas sinaladas como o 8 de marzo e 25 de novembro.

g. Cal é a actitude do profesorado?

Hai unha cultura de centro de apoio á intervención coeducativa.

h. Cal é a capacitación do persoal docente ?

Unha parte do persoal participa ou participou en cursos de capacitación para integrar a igualdade no currículo.

i. Cal é a estrutura organizativa do centro?

Non existen diferencias por razón de sexo no desempeño de cargos e responsabilidades.

j. Como se distribúen tempos e espazos en función do sexo?

Non se perciben diferenzas na distribución de tempos e espazos en función do sexo.

k. Existen relacións co contorno?

Desde hai uns anos estanse desenvolvendo no centro actividades sobre este tema organizadas polo concello destinadas ao alumnado e ás familias.

l. Foméntase o traballo en rede?

Todo o equipo docente participa no deseño e desenvolvemento de todas as actuacións no ámbito escolar e sempre que é posible planifícanse actividades con grupos formados por crianzas de idades diferentes.

2. Uso da linguaxe

a. Que uso da linguaxe se observa no material didáctico e no resto de documentación do centro?

Procurase que a linguaxe utilizada sexa respectuosa con ambos sexos e fomente a visibilización da muller.

b. Que linguaxe se utiliza na comunicación interpersonal?

O profesorado entende a importancia da linguaxe e as discriminacións que se trasladan consciente ou inconscientemente na fala e procura evitalas.

3. Docencia e material educativo

- a. Que imaxes aparecen nos libros de texto?

Non se fixo análise ningunha a este respecto, pero no caso de aparecer algunha imaxe sexista utilízase como exemplo de como eran as cousas no pasado e danse as razóns polas que agora xa non é así.

- b. Como se seleccionan os contidos para impartir?

Non se fixo análise dos contidos desde a perspectiva de xénero

- c. Quen e como se determina o enfoque e o estilo da materia a impartir?

É un asunto privado de cada profesor/a.

4. Desenvolvemento persoal do alumnado

- a. Como se aborda a construción da personalidade e o desenvolvemento da autonomía no alumnado?

Desenvólvense actuacións puntuais en resposta a situacións que se producen en función das necesidades de cada crianza ou grupo de crianzas.

- b. Como se leva a cabo a orientación persoal, escolar e profesional do alumnado?

O centro ofrece sistematicamente modelos que favorecen a construción de identidades non estereotipadas en canto a roles dentro da familia, a elección dos estudos ou das profesións tanto de homes como de mulleres.

- c. Como se trata o respecto da identidade sexual?

Non existe ningunha actuación neste sentido

OBXECTIVOS

Tomadas en conta as respostas do cuestionario anterior propomos os seguintes obxectivos:

Obxectivo xeral:

- Desenvolver prácticas educativas que identifiquen os estereotipos sexistas existentes en diferentes ámbitos da Comunidade Escolar e da sociedade e que promovan a súa eliminación, de forma que favorezan en nenos e nenas un desenvolvemento persoal satisfactorio e unha convivencia pacífica e igualitaria con valores encamiñados á igualdade de oportunidades entre ambos os sexos e que se traslade ao resto da sociedade.

Obxectivos específicos:

- Detectar as actitudes sexistas que aínda prevalecen na escola e modificalas.
- Sensibilizar ao profesorado da necesidade de realizar cambios que permitan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Introducir na escola conceptos, procedementos e actitudes relativas á igualdade de oportunidades, á conciliación da vida familiar, persoal e laboral.
- Previr a violencia desde as idades máis temperás.
- Aprender a resolver os conflitos sen violencia.
- Desmitificar as tarefas femininas e /ou masculinas.
- Educar na empatía.
- Promover condicións escolares que favorezan prácticas educativas correctoras de estereotipos de dominación e dependencia.
- Facilitar un maior coñecemento das diferenzas entre nenos e nenas, homes e mulleres, que permita evitar e corrixir as discriminacións que daquelas derívanse.
- Revisar e actualizar os fondos da biblioteca en materia de coeducación.
- Crear un espazo na WEB do centro de todo o referente ás actuacións do Plan de Igualdade.
- Consolidar unha linguaxe escrita coeducativa en todos os documentos do centro: cartas e comunicados, cartaces, boletíns...
- Fomentar unha linguaxe oral na que se inclúan ambos os sexos e no que non haxa prexuízos sexistas á hora de nomear tarefas domésticas, profesións... e en xeral

estereotipos que seguen inmersos na linguaxe cotiá. Corrixir no posible o déficit que poida existir nos libros de texto e materiais curriculares.

- Facilitar a utilización igualitaria de espazos no recreo para nenos e nenas.

MEDIDAS A LEVAR A CABO EN BASE ÁS COMPETENCIAS CLAVE

Un elemento imprescindible dentro do noso proxecto coeducativo para educar en igualdade, é a necesidade de desenvolver no noso alumnado as seguintes competencias clave:

Comunicación lingüística

Traballarase este apartado a través do uso adecuado da linguaxe, evitando discriminación por razón de sexo. Ademais desenvolveranse actividades nas que o alumnado utilice a linguaxe para expresar os seus propios sentimentos así como actitudes de rexeitamento ante os diferentes tipos de discriminación.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Daremos a coñecer ao alumnado modelos vitais de mulleres que traballan no campo da ciencia e da tecnoloxía para poder eliminar pouco a pouco os estereotipos que discriminan ás mulleres no ámbito científico e tecnolóxico e fomentar as vocacións STEM.

Competencia dixital

Insistiremos nas aulas na importancia de analizar as mensaxes que nos proporcionan os medios de comunicación con respecto aos roles aplicados ao home e á muller, favorecendo o xuízo crítico do alumnado ante eles.

Competencias sociais e cívicas.

Procuraremos fomentar valores e actitudes necesarios para que o noso alumnado poida vivir en sociedade, eliminando todo tipo de violencia e de discriminación na contorna máis próxima. O noso obxectivo é que adquiran o valor da igualdade, pero non que o entendan como un feito illado que traballaron un día na escola, senón como unha actitude desexable e necesaria por e para a sociedade.

Aprender a aprender.

Potenciaremos o traballo cooperativo para realizar murais e postas en común para contribuír así a que o traballo individual teña repercusión na aprendizaxe colectiva.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

As actividades estarán orientadas a que os nosos alumnos e alumnas sexan autónomos e autónomas tanto na casa como na escola e se sintan seguros/as para expresar as súas ideas e propostas de traballo. Isto formará as bases para que o sexan no día a día.

Conciencia e expresións culturais.

Traballárase no coñecemento da historia, literatura, arte, tradicións,... desde un punto de vista crítico, analizando os estereotipos e visibilizando ás mulleres que participaron en todos estes ámbitos e que ata hai pouco non aparecían por exemplo nos libros de texto.

A NIVEL DE CENTRO

- Participación o máis equitativa posible de ambos sexos nos órganos de xestión e representación da comunidade educativa.
- Uso non sexista da linguaxe, non ocultación das mulleres, tanto nas aulas como nos documentos elaborados polo centro.
- Uso dos patios e dos espazos escolares de forma compartida e non excluínte.

A NIVEL AULA

- Asegurar que os recursos e materiais didácticos non representen actitudes ou roles tradicionais discriminatorios de ambos os sexos, tanto en imaxes como en textos escritos.
- Coidar que a utilización do espazo, tanto da aula como o dos espazos comúns, sexa equitativa para alumnos e alumnas.
- Potenciar que o alumnado adquira os coñecementos e habilidades necesarios para responder as responsabilidades familiares e coidados das persoas.
- Inclusión de contidos e actividades dirixidos a visibilizar a contribución das mulleres ao desenvolvemento da nosa sociedade.
- Desenvolvemento do Plan de Acción Titorial con perspectiva de xénero, promovendo a autonomía e iniciativa persoal, educación emocional e afectiva e intervindo na resolución de conflitos a través do Plan de Convivencia.

A NIVEL ALUMNADO

- Visualización das diferenzas entre homes e mulleres, para facilitar o recoñecemento das desigualdades e discriminacións que aquelas poden producir. Visibilizar ás mulleres a través da súa contribución ao desenvolvemento das sociedades, valorando o traballo que tradicionalmente realizaron.
- Non permitir no alumnado agresións e violencia en razón de sexo en expresións, comportamentos e actitudes.
- Favorecer o traballo cooperativo. Potenciar o comportamento solidario.

- Propoñer estratexias de resolución de conflitos non violentas.
- Facilitar o diálogo e a comunicación.
- Contribuír, en definitiva, á construción de roles masculinos e femininos diferentes dos tradicionais.

A NIVEL FAMILIAS

- Promover o diálogo coas familias sobre a educación en valores dos seus fillos e fillas.
- Contribuír sempre que sexa posible á organización de actividades de formación específicas para elas sobre o tema.

A NIVEL ENTORNO

- Seguir colaborando co concello no desenvolvemento de programas educativos sobre o tema destinados ao alumnado e ás súas familias.

ACTIVIDADES

Durante todo o curso:

- Investigacións e exposicións sobre mulleres importantes na historia nos diferentes ámbitos da sociedade.
- Colaboración do alumnado de maior idade co de menor idade para fomentar o coidado a quen o necesita, a colaboración e o sentido da responsabilidade.
- Análise crítica de películas, lecturas e libros de texto desde o punto de vista de xénero.

Realizaranse tamén unhas actividades máis específicas para os seguintes días que se planificarán e temporalizarán ao comezo de cada trimestre.

- 25 de novembro: Día Internacional para a Eliminación da Violencia cara á Muller.
- Decembro/ xaneiro: Xoguetes non sexistas non violentos.
- 30 de xaneiro: Día da Paz e a non violencia.
- 8 de marzo: Día Internacional da Muller.
- 23 de Abril. Día do libro. Contos e literatura coeducativa.

METODOLOXÍA

Imos traballar este valor procurando o desenvolvemento das competencias clave que pretendemos conseguir co alumnado. Neste sentido, a coeducación participa e asume como propios os trazos esenciais metodolóxicos que se definen para a Educación Primaria: carácter interactivo das aprendizaxes, desenvolvemento de estratexias de investigación educativa, globalización, importancia de crear ambientes ricos para a comunicación e a relación, papel activo do alumnado, etc.

Na actividade coeducativa tratarase de partir de situacións compartidas, é dicir, trátase de partir de situacións vividas conxuntamente, de problemas reais, de situacións cotiás que permitan realizar unha análise con referentes comúns. Para iso imos favorecer a comunicación familia-escola e realizaremos actividades que se baseen na experiencia familiar, na convivencia que iso supón; para así podelo trasladar á vida en sociedade.

Participación na elaboración e discusión de normas e valores: na construción dun clima de aula autenticamente coeducativo, a participación activa de nenos e nenas xoga un papel decisivo. A elaboración conxunta de normas na aula achega en adestramento social moi interesante, así os alumnos poden dar respostas aos seus propios problemas e na medida das súas posibilidades.

En canto á actividade lúdica, o xogo, é un dos medios de aprendizaxe e de socialización máis interesantes que se dan na infancia. No xogo proxéctanse, así mesmo, os estereotipos e modelos imperantes nunha comunidade determinada. O grao de agresividade, o tipo de relacións entre as persoas de distinto sexo, o carácter autoritario, etc.

Procurarase que nenos e nenas compartan xogos, evitando a formación de grupos pechados e que a participación dunha persoa sexa por razón do seu sexo. Os agrupamentos espontáneos onde se dean casos de segregación pódense tomar como referentes para facer unha análise máis detallado dos mesmos, insistindo na necesidade de facilitar a integración de nenos e nenas nos mesmos.

O labor de titoría debe estar coordinada entre todo o profesorado para intercambiar impresións, suxestións e propostas, hai que impulsar e motivar aos alumnos e alumnas, manter un clima de harmonía e boas relacións, orientar, instruír, facilitar a toma de decisións e establecer criterios definidos de comportamentos e pautas de traballo. Tampouco podemos esquecer que a coordinación coas familias é primordial para que estas participen na nosa tarefa educativa.

AVALIACIÓN

Para conseguir os mellores resultados co desenvolvemento do plan de traballo, vaise levar a cabo unha avaliación continua que nos permitirá comprobar se os obxectivos expostos están a ser os adecuados e se as actividades propostas son as correctas para lograr os obxectivos e así poder realizar as modificacións oportunas.

Valorarase o grao de implicación de cada un dos membros que compoñen a nosa comunidade educativa, así como a coordinación entre eles e o grao de aceptación das distintas propostas.

Esta avaliación continua complementarase cunha avaliación final onde se valoren os resultados obtidos, as posibles melloras, erros cometidos, necesidades e grao de satisfacción coa experiencia.

INDICADORES DE ÉXITO: AVALIACIÓN DA TAREFA

A tarefa terá éxito a efectos de avaliación, do alumnado, do profesorado e da propia tarefa se:

- A participación e implicación do alumnado e do profesorado implicado foi boa.
- Se a dinámica dos grupos foi verdadeiramente fluída e cooperativa.
- Se o grao de autonomía dos grupos e o material elaborado foi de calidade, e libre de rumbos sexistas.
- Se as controversias conceptuais e a reflexión colectiva e individual en torno ao tema achegaron valores de equidade e xustiza social.
- Se se utilizou unha linguaxe integradora con ambos sexos e libre de prexuízos.
- Se o ambiente favoreceu a expresión sa e libre dos sentimentos.

ANEXOS

Anexo I : Análise dos fondos da biblioteca escolar.

Anexo II : Análise da WEB do centro.

Anexo III: Análise do currículo.

ANEXO IV: Análise fílmico.

ANEXO I: ANÁLISE DOS FONDOS DA BIBLIOTECA ESCOLAR

1. Quen protagoniza a historia? Home ou muller?
2. Importancia e prestixio dos personaxes femininos e masculinos.
3. As tarefas domésticas quen as realiza?
4. As tarefas fóra da casa e os traballos remunerados quen os realiza?
5. Quen protagoniza os feitos relacionados co deporte, ciencia, tecnoloxía, aventura?
6. A valentía, a forza, a toma de decisións, a ambición, o éxito social e profesional compárteno mulleres e homes?
7. O medo, a dozura, as emocións, o coidado dos demais, a sensibilidade... é algo compartido ou exclusivo das mulleres?
8. Nos álbums ilustrados hai diferenzas nas cores empregadas segundo aparezan homes ou mulleres?
9. Os personaxes femininos seguen un modelo de beleza uniforme ou hai variedade de corpos?
10. A finalidade última do personaxe feminino é atopar un home como parella?

Anexo II : Análise da WEB do centro.

1. Utilizamos unha linguaxe non sexista?
2. Aportamos mensaxes de igualdade en imaxes e en textos?
3. Difundimos todas as actividades coeducativas realizadas?
4. Proporcionamos á comunidade educativa enlaces con contidos interesantes desde o punto de vista do fomento da igualdade?

Anexo III: ANÁLISE DO CURRÍCULO

1. Visibilizamos as aportacións feitas por mulleres ao longo da historia en todos os ámbitos?
2. Analizamos de forma crítica os obstáculos que impiden á nosa sociedade chegar a unha igualdade real?
3. Evitamos unha visión androcéntrica dos contidos?
4. Evitamos transmitir estereotipos sexistas?
5. Proporcionámoslle ao alumnado modelos correctos do uso da linguaxe desde unha perspectiva de xénero?

ANEXO IV: ANÁLISE FÍLMICO

Test de Bechdel

O test de Bechdel, tamén coñecido como test de Bechdel / Wallace é un método para avaliar se un guión de película, serie, cómic ou outra representación artística cumpre cos estándares mínimos para evitar a fenda de xénero:

1. Na película aparecen polo menos dúas mulleres?
2. Teñen nome?
3. Falan entre si nalgún momento?
4. A conversa entre elas trata de algo distinto a un home (o cal non se limita a relacións románticas: por exemplo, dúas irmás falando do seu pai non pasa o test)?